Adecuación dos criterios de permanencia na Titulación, de acordo coa nova normativa da USC.				No Consello de Goberno da USC do 15 de Xuño de 2011 aprobouse unha nova normativa de permanencia. Esta normativa previsiblemente entrará en vigor no curso 2012/2013. Esta normativa fixa de un modo claro os criterios de permanencia na USC e de xeito non coincidente cos marcados na memoria da Titulación.			

XUSTIFICACIÓN							
<p>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
<p align="center"><b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b></p>							
Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	<b>B</b>	Insuficiente	<b>C</b>	Ausencia de evidencias documentais	<b>D</b>
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>            Para facilitar a lectura deste documento, no seguinte facemos mención só a aqueles aspectos desta Sección da MVT (dispoñible en <a href="http://www.usc.es/etse/info">www.usc.es/etse/info</a>) que presentan algún desaxuste (aspectos negativos) ou que son salientables (aspectos positivos) con respecto ao indicado na devandita memoria. Neste mesmo sentido, apoiamos os argumentos nas Memorias Anuais do Título dos cursos 2009/2010 e 2010/2011 dispoñibles na páxina web da ETSE <a href="http://www.usc.es/etse/calidade">www.usc.es/etse/calidade</a>, apartado "Informes de titulación" → "Enxeñaría Informática".</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Evolución da demanda: Nas Figuras 2 e 3 da MAT de 2010/2012 amósase a evolución da demanda de acceso ao título en perspectiva fronte á titulación predecesora. Os resultados reflicten que a demanda non só se mantivo senón que aumentou considerablemente e moi por enriba do número de prazas de acceso. Na Figura 5 da MAT de 2009/2010, pódese observar como a titulación máis afín ao Grao en Enxeñaría Informática da USC no modelo de universidade anterior, a Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas, amosa unha tendencia á estabilización tanto a nivel galego como a nivel español, tras uns anos de traxectoria claramente descendente. Esta tendencia obsérvase tamén noutras titulacións afíns, como amósase nas Figuras 6 e 7 da devandita memoria.</li> <li>• En canto á capacidade do profesorado, esta queda en certa medida avalada nas recentes análises publicadas no ranking ISI das Universidades españolas. Segundo o devandito estudo, a USC ocupa o posto 10 no campo "Tecnoloxía da Información e da Comunicación" medido no período 2006-2010 e o posto 4 no período longo de 2001-2010. Estes datos están baseados no volume da investigación. Se atendemos a criterios de calidade a USC ocuparía o 3º posto no período longo 2001-2010 e o 2º posto no período curto 2006-2001. Cremos particularmente relevantes estes últimos datos pois o PDI dentro deste ámbito na USC é reducida, claramente inferior aos correspondentes das outras universidades do SUG. En canto á clasificación por disciplinas, na disciplina "Informática" ocupa o posto 14 para o período 2006-2010 e o posto 4 no período longo de 2001/2010. De novo, se atendemos á dimensión cualitativa, a USC ocupa o posto 5 no período 2006/2011 e o 2º posto no período longo 2001/2011. En tódolos casos a USC atópase moi por enriba das outras Universidades do SUG nos campos e disciplinas afíns á Enxeñaría Informática.</li> <li>• A día de hoxe non temos datos de empregabilidade dos egresados pois a titulación só leva en marcha dous cursos académicos. En calquera caso é evidente o interese das empresas do sector reflectido no elevado número de ofertas de traballo, particularmente de empresas dos sector das TIC coas que existen convenios de colaboración coa Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC.</li> </ul>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b>            Co obxectivo de dar a coñecer a Titulación, realízanse actividades de difusión, ben a través do programa "A Ponte" da USC, ben a través de presentacións dos Estudos en centros de Ensinanza Secundaria e Formación Profesional ou mediante a organización de actividades (xornadas de benvida).</p>							
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

COMPETENCIAS/OBXECTIVOS							
<p>Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
<p align="center"><b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b></p>							
Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	<b>B</b>	Insuficiente	<b>C</b>	Ausencia de evidencias documentais	<b>D</b>
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>            Para facilitar a lectura deste documento, no seguinte facemos mención só a aqueles aspectos desta Sección da MVT (dispoñible en <a href="http://www.usc.es/etse/info">www.usc.es/etse/info</a>) que presentan algún desaxuste (aspectos negativos) ou que son salientables (aspectos positivos) con respecto ao indicado na devandita memoria. Neste mesmo sentido, apoiamos os argumentos nas Memorias Anuais do Título dos cursos 2009/2010 e 2010/2011 dispoñibles na páxina web da ETSE <a href="http://www.usc.es/etse/calidade">www.usc.es/etse/calidade</a>, apartado "Informes de titulación" → "Enxeñaría Informática".</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Na memoria de verificación contéplase un conxunto de competencias establecidas nas recomendacións do Acordo do Consello de Universidades do 03/03/2009 para os títulos oficiais no ámbito da Enxeñaría Técnica Informática. Estas competencias son a base do desenvolvemento dos programas e guías docentes das materias da Titulación, as cales estanse a impartir satisfactoriamente.</li> <li>Por outra banda, contéplase ademais o desenvolvemento dun conxunto de competencias transversais de tipo instrumental, sistémico ou persoal. Tódolos egresados deben adquirir estas competencias e polo tanto debe garantirse o seu desenvolvemento entre as materias comúns da Titulación.</li> </ul>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Coa colaboración dos coordinadores de curso lévase a cabo un estudio do nivel de desenvolvemento das competencias transversais entre as materias da titulación. Os primeiros informes reflicten que os estudantes están a adquirir as devanditas competencias de xeito satisfactorio, aínda que é necesario optimizar a distribución das mesmas entre as diferentes materias do grao (ver MAT 2010/11, sección 7.3).</li> <li>Fortemente relacionado co desenvolvemento de competencias transversais, estanse a organizar actividades para o desenvolvemento de competencias informacionais para favorecer que o alumnado chegue a adquirir as habilidades e destrezas para planear unha busca de información, localizar, analizar e construír novos coñecementos de forma autónoma, construtiva e ética de acordo coas súas necesidades ou problemas informacionais. Ademais preténdese que o alumnado asuma que saber xestionar información é unha práctica que debe completar o seu proceso de formación na universidade, que lle facilita o estudo e a realización de traballos académicos con metodoloxía científica e que ten que constituír unha práctica transferible a todo o seu traballo formativo, investigador, profesional e cotiá ó longo da vida. A este respecto están desenvolvéndose cursos de Competencias Informacionais coordinados coa Biblioteca da USC, dentro dun consorcio organizado por varias bibliotecas de universidades españolas.</li> <li>Co obxectivo de mellorar a información das guías docentes das materias, elaborouse un documento "Recomendacións para a elaboración das guías docentes da ETSE" coa información que deberían ter ditas guías, considerando aspectos de normativa. Esta guía está dispoñible en <a href="http://www.usc.es/etse/info">www.usc.es/etse/info</a>.</li> </ul>							
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>            Aínda que se ten constatado que se están a desenvolver satisfactoriamente as competencias transversais, unha mellor planificación principalmente no plano horizontal, aínda que tamén no vertical permitirá optimizar o grado de asimilación das devanditas competencias, así como permitir a avaliación do grao de consecución das mesmas.</p>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

## ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES

*Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

*Para facilitar a lectura deste documento, no seguinte facemos mención só a aqueles aspectos desta Sección da MVT (dispoñible en [www.usc.es/etse/info](http://www.usc.es/etse/info)) que presentan algún desaxuste (aspectos negativos) ou que son salientables (aspectos positivos) con respecto ao indicado na devandita memoria. Neste mesmo sentido, apoiamos os argumentos nas Memorias Anuais do Título dos cursos 2009/2010 e 2010/2011 dispoñibles na páxina web da ETSE [www.usc.es/etse/calidade](http://www.usc.es/etse/calidade), apartado "Informes de titulación" → "Enxeñaría Informática".*

- A difusión entendese axeitada se atendemos á demanda de acceso. Por outra banda, na Figura 4 da MAT de 2010/2011 obsérvase que case a totalidade dos estudantes proceden de localidades galegas e na maioría dos casos das provincias de A Coruña e Pontevedra. O 9% dos estudantes proceden da provincia de Ourense. Tendo en conta que a poboación desta provincia é aproximadamente a terceira parte da poboación das provincias de Pontevedra e A Coruña, é un dato coherente. Sen embargo, é salientable a baixa porcentaxe de estudantes procedentes da provincia de Lugo. Esta información se recompila na enquisa de inicio de curso, e un resumo da mesma está dispoñible en [www.usc.es/etse/info](http://www.usc.es/etse/info).
- En canto á admisión, tense implementado unha vía de acceso, o curso ponte, principalmente para os egresados da anterior titulación de Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas da USC. Este mecanismo foi moi demandado no primeiro ano de implantación do Grao. Sen embargo, na actualidade esta opción de acceso está a ser utilizada principalmente por Enxeñeiros procedentes doutros centros e en moitos casos con perfís moi lonxe dos previstos para esta vía de acceso, facendo difícil a adaptación a través dun curso ponte de só 60 ECTS.
- Entre os procedementos de orientación dos estudantes está o programa de tutorías personalizadas (PTP). O obxectivo fundamental do PTP é orientar aos estudantes en cuestións académicas que axuden a mellorar a calidade da súa estadia e da súa aprendizaxe. Esta orientación personalizada está enfocada non só como un proceso de información senón que tamén vai dirixida a potenciar as capacidades dos estudantes, a fornecer as debilidades xurdidas nos procesos de aprendizaxe e a axudar ao alumno na toma de decisións que afecten ao seu rendemento académico. A información deste programa está na páxina [www.usc.es/etse/grei](http://www.usc.es/etse/grei), apartado "Calidade" → "Programa de tutorías personalizadas". No curso 2010/2011 cinco profesores fixéronse cargo da titorización dos alumnos de novo ingreso. O dinámica consistiu en dúas reunións durante o curso, ao principio de cada un dos cuadrimestres. A partir da análise dos resultados das devanditas reunións obsérvouse unha baixada significativa do interese dos estudantes por participar no programa de tutorías personalizadas. Pódese encontrar información máis detallada na MAT de 2010/2011, apartado 7.2.

#### BOAS PRÁCTICAS:

- Co obxectivo de dar publicidade da Titulación, tense deseñado un díptico con información (dispoñible en [www.usc.es/etse/info](http://www.usc.es/etse/info) e [www.usc.es/etse/grei](http://www.usc.es/etse/grei)) sobre a mesma que se distribúe en Centros de Ensinanza Secundaria. Isto, xunto coa difusión a través do programa "A Ponte" da USC e a organización de visitas guiadas pola Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC para estudantes de Ensinanzas Secundarias son clave para o coñecemento da Titulación.
- Modificación da páxina web propia do centro para inclusión de botóns para cada titulación, que levan a presentacións breves cos datos máis característicos das mesmas. Estas presentacións tamén están dispoñibles na páxina propia da titulación [www.usc.es/etse/grei](http://www.usc.es/etse/grei) e na páxina de información da ETSE: [www.usc.es/etse/info](http://www.usc.es/etse/info).
- Elaboración dunha guía de inicio de curso que se entrega aos estudantes de 1º curso na Xornada de Benvida, dispoñible na páxina [www.usc.es/etse/info](http://www.usc.es/etse/info) e en [www.usc.es/grei](http://www.usc.es/grei).
- Para favorecer a interacción coas empresas, cada ano celebramos o Foro de Empresas para Enxeñaría Informática, onde as empresas coas que a ETSE ten convenio de realización de prácticas presentan a súa actividade e as oportunidades para os estudantes. Estas xornadas serven de coñecemento mutuo entre as empresas e os estudantes e como primeiro contacto para a realización de prácticas, traballos fin de grao ou inserción laboral. Información sobre o FEI'2011 está dispoñible na páxina [www.usc.es/etse/empresas](http://www.usc.es/etse/empresas).

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

- Na actualidade está aberto un acceso para titulados a través do que se denomina "curso ponte". Este mecanismo de acceso está ideado para facilitar o acceso a egresados da anterior Titulación de Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas. Na actualidade este recurso parece non ser necesario pois a súa demanda é xa moi baixa. Por outra banda, no contexto actual de diversidade nos estudos, fai difícil en moitos casos a súa adaptación para Enxeñeiros Técnicos Titulados noutras Universidades, pois a casuística é moi diferente e o número de créditos máximo dos que se pode matricular é de 60.
- Consideramos que é importante manter o programa de tutorías personalizadas aínda que haberá que adaptalo á demanda. Neste sentido, no curso académico 2011/2012 nomearanse a un conxunto de cinco profesores tutores permanentes para toda a titulación (e non por cursos como ata o de agora). Se levará a cabo unha primeira reunión dos tutores cos estudantes de novo ingreso cunha planificación similar á actual. Sen embargo, tras a



devandita reunión, os contactos entre estudante e titor será a petición do estudante.

<b>BREVE DESCRIPCIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>	<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>
<p>Incorporación da vía de acceso para maiores de 40 anos mediante validación da experiencia profesional</p>	<p>No RD 1892/2008 do 14 de novembro, regúlanse as condicións para o acceso aos ensinos universitarios oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas, especialmente no relativo ás persoas con experiencia profesional que non teñan título habilitante e maiores de 40 anos. É necesario adaptar a memoria da titulación co obxectivo de contemplar a devandita vía de acceso.</p>

## PLANIFICACIÓN DAS ENSINANZAS

Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da enseñanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Para facilitar a lectura deste documento, no seguinte facemos mención só a aqueles aspectos desta Sección da MVT (dispoñible en [www.usc.es/etse/info](http://www.usc.es/etse/info)) que presentan algún desaxuste (aspectos negativos) ou que son salientables (aspectos positivos) con respecto ao indicado na devandita memoria. Neste mesmo sentido, apoiamos os argumentos nas Memorias Anuais do Título dos cursos 2009/2010 e 2010/2011 dispoñibles na páxina web da ETSE [www.usc.es/etse/calidade](http://www.usc.es/etse/calidade), apartado "Informes de titulación" → "Enxeñaría Informática".

- Tamaño dos grupos de docencia: O Plano de Estudos consta de 240 créditos ECTS distribuídos en catro cursos académicos. Este conxunto de créditos distribúense entre materias obrigatorias e optativas que permiten ao egresado adquirir as competencias requiridas para exercer como Enxeñeiro Técnico en Informática. Segundo a memoria do Plano de Estudos, as actividades formativas de carácter presencial dan lugar a tres módulos de grupo: Grupo grande (max. 60 estudantes) para actividades presenciais de tipo expositivo; grupo reducido (max. 20 estudantes) para seminarios e traballos prácticos; grupo moi reducido para actividades de orientación, dinamización e tutoría do traballo dos estudantes. Os límites de tamaños de grupo nos se están a respectar, debido esencialmente á política de xeración de grupos da USC na planificación docente anual, o que leva a un maior número de estudantes, tanto nos grupos grandes como nos reducidos.
- Durante o curso 2009/2010, implementouse un horario adaptado ao novo modelo docente. En particular, introducíronse en cada cuatrimestre tres interrupcións das sesións expositivas (de dúas semanas cada unha) para impartir nelas as titorías en grupos reducidos. Este mecanismo deu resultados aceptables e cunha boa acollida por parte dos estudantes. Con todo, para o curso 2010/2011 non se implementou debido a que ao tratarse de docencia non recoñecida no PDA, os departamentos da maioría do persoal docente decidiron non ofertala como un módulo diferenciado, senón como parte da docencia interactiva. Pódese entender que trátase dunha medida en detrimento da calidade polo que esperamos que en cursos posteriores pódase volver ao modelo que inclúe este tipo de docencia como un módulo propio.
- En canto á mobilidade de estudantes, cóntase con numerosos acordos e convenios de intercambio con universidades españolas, europeas e de países non europeos, a través de programas xerais (ERASMUS, SICUE) e de convenios bilaterais (ver MAT 2009/2010, sección 4). No curso 2009/2010 por primeira vez estudantes da titulación acolléronse ao programa ERASMUS para continuar os seus estudos noutros centros. No curso 2010/2011 incrementouse aínda máis a participación dos nosos estudantes neste programa. Por outra banda, a participación nos outros programas está a ser moi baixa. (Mais detalles na MAT de 2010/2011, sección 4).

#### BOAS PRÁCTICAS:

- Co obxectivo de monitorizar a distribución da carga de traballo entre materias dentro do mesmo curso e cuatrimestre lévase a cabo un estudio estatístico interno baseado en enquisas realizadas aos estudantes da Titulación. Os resultados permitíronnos detectar anomalías en relación a este aspecto crucial no novo modelo de aprendizaxe proposto no EEES. Pódense ver os detalles do devandito estudo na sección 3.2 das MAT dos cursos 2009/2010 e 2010/2011.
- Co propósito de mellorar a adaptación ao mundo laboral dos estudantes, ofrécese a posibilidade de desenvolver o Traballo Fin de Grao nunha empresa incluída no convenio de colaboración de prácticas en empresa.
- Dentro do marco de interese para a formación dos estudantes organizáronse un conxunto de actividades e cursos englobados no que na ETSE denomínase **Aula Profesional**. Estas actividades e cursos prográmanse habitualmente os xoves de 12 en diante, horario reservado para tódolos estudantes da ETSE como horario de actividades da ETSE, polo tanto non coincidente coa actividade docente regular, para favorecer a asistencia e participación dos estudantes. O conxunto de actividades organizadas nos cursos 2009/2010 e 2010/2011 no marco da Aula Profesional aparecen detallados na sección 7 das MAT dos devanditos cursos.

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

- A participación dos estudantes en programas de intercambio está a aumentar moi timidamente aínda que a oferta é relativamente ampla. Será necesario realizar un maior esforzo en procesos de difusión destas vías de mobilidade.
- A actividade Aula Profesional inclúe un conxunto de cursos e actividades de interese para os estudantes da titulación. Co obxectivo de dotar de maior relevancia e repercusión á Aula Profesional, sería interesante integrala na titulación como unha materia optativa de 3ECTS, dado que a intención inicial era que este conxunto de actividades computara como créditos optativos transversais xerais recoñecibles pola USC, pero este tipo de créditos aínda non está recoñecido pola universidade, consideramos que estas actividades de tipo profesional son tan válidas ou máis que outras que o estudante poida desenvolver como complemento fundamental á formación dun enxeñeiro. Aínda así, dado que isto faría que se superase o límite de optatividade, a nosa proposta é estudar as opcións coa vicerreitoría competente para computar estas actividades con créditos.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

RECURSOS HUMANOS							
<p>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>            Para facilitar a lectura deste documento, no seguinte facemos mención só a aqueles aspectos desta Sección da MVT (dispoñible en <a href="http://www.usc.es/etse/info">www.usc.es/etse/info</a>) que presentan algún desaxuste (aspectos negativos) ou que son salientables (aspectos positivos) con respecto ao indicado na devandita memoria. Neste mesmo sentido, apoiamos os argumentos nas Memorias Anuais do Título dos cursos 2009/2010 e 2010/2011 dispoñibles na páxina web da ETSE <a href="http://www.usc.es/etse/calidade">www.usc.es/etse/calidade</a>, apartado "Informes de titulación" → "Enxeñaría Informática".</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A relación porcentual entre o número total de PDI funcionario sobre o total do PDI é de 63,46%. Esta porcentaxe é algo maior á correspondente ao curso anterior, en parte debido á consecución de prazas de Profesor Titular de Universidade por parte de docentes con vinculación previa coa USC como PDI laboral.</li> <li>• En canto á capacidade do profesorado, esta queda en certa medida avalada nas recentes análises publicadas no ranking ISI das Universidades españolas. Segundo o devandito estudio a USC ocupa o posto 10 no campo "Tecnoloxía da Información e da Comunicación" medido no período 2006-2010 e posto 4 no período longo de 2001-2010. Estes datos están baseados no volume da investigación. Se atendemos a criterios de calidade a USC ocuparía o 3º posto no período longo 2001-2010 e o 2º posto no período curto 2006-2001. Cremos particularmente relevantes estes últimos datos pois a número de PDI neste ámbito é moi reducido, claramente inferior aos correspondentes das outras universidades do SUG. En canto a clasificación por disciplinas, na disciplina "Informática" ocupa o posto 14 para o período 2006-2010 e o posto 4 no período longo de 2001/2010. De novo, se atendemos á dimensión cualitativa, a USC ocupa o posto 5 no período 2006/2011 e o 2º posto no período longo 2001/2011. En tódolos casos a USC atópase moi por enriba das outras Universidades do SUG nos campos e disciplinas afíns á Enxeñaría Informática. (ver MAT 2010/11, sección 3).</li> </ul>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Integración dos investigadores postdoutorais (Doutores en Enxeñaría) do programa Ramón y Cajal, Isidro Parga como docentes da titulación.</li> <li>• Premios "Leonardo de calidade docente" que premia ós docentes con mellores resultados nas enquisas de satisfacción do alumnado que se entregan no acto central do día da Escola, (ver apartado 10 da MVT). Premios no informe da titulación, dispoñible en <a href="http://www.usc.es/etse/calidade">www.usc.es/etse/calidade</a> e <a href="http://www.usc.es/etse/greg">www.usc.es/etse/greg</a> apartado "Calidade"</li> <li>• Cursos de orientado a docencia en inglés para docentes.</li> <li>• Guía para profesores da ETSE que lles da información sobre os procesos organización académica na Escola: <a href="http://www.usc.es/etse/info">http://www.usc.es/etse/info</a></li> </ul>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS							
<p>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>            Para facilitar a lectura deste documento, no seguinte facemos mención só a aqueles aspectos desta Sección da MVT (dispoñible en <a href="http://www.usc.es/etse/info">www.usc.es/etse/info</a>) que presentan algún desaxuste (aspectos negativos) ou que son salientables (aspectos positivos) con respecto ao indicado na devandita memoria. Neste mesmo sentido, apoiamos os argumentos nas Memorias Anuais do Título dos cursos 2009/2010 e 2010/2011 dispoñibles na páxina web da ETSE <a href="http://www.usc.es/etse/calidade">www.usc.es/etse/calidade</a>, apartado "Informes de titulación" → "Enxeñaría Informática".</p> <p>Na actualidade, estanse a empregar un total de 6 aulas de informática das 8 dispoñibles no Centro para impartición da docencia da titulación, compartidas coas outras titulacións do centro. Das restantes aulas, dúas son de acceso libre. Con todo, o número de Titulacións está a aumentar coa incorporación de dous másteres no ámbito da Enxeñaría Informática o que leva a unha diminución dos recursos para a Titulación de Grao en Enxeñaría Informática. Tal e como mencionouse anteriormente, na MVT menciónase que, dentro da planificación plurianual 2007/2011 da USC contemplábase a ampliación do edificio de docencia da ETSE, obra que a día de hoxe non foi executada e dada a actual situación de crise económica, non se prevé a súa execución a curto prazo.</p>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Se está procedendo a reorganización do servizo de informática do centro, dado os cambios recentes no organigrama.</li> <li>• Reutilización dos ordenadores que se retiran das aulas de docencia e a súa actualización para situalos nas aulas de acceso libre.</li> <li>• Servizo de préstamo de discos duros externos para os estudantes.</li> </ul>							
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

## RESULTADOS PREVISTOS

Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	<b>B</b>	Insuficiente	<b>C</b>	Ausencia de evidencias documentais	<b>D</b>
---------------	----------	------------	----------	--------------	----------	------------------------------------	----------

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Para facilitar a lectura deste documento, no seguinte facemos mención só a aqueles aspectos desta Sección da MVT (dispoñible en [www.usc.es/etse/info](http://www.usc.es/etse/info)) que presentan algún desaxuste (aspectos negativos) ou que son salientables (aspectos positivos) con respecto ao indicado na devandita memoria. Neste mesmo sentido, apoiámos os argumentos nas Memorias Anuais do Título dos cursos 2009/2010 e 2010/2011 dispoñibles na páxina web da ETSE [www.usc.es/etse/calidade](http://www.usc.es/etse/calidade), apartado "Informes de titulación" → "Enxeñaría Informática".

O Grao en Enxeñaría Informática da USC implantouse no curso 2009/2010 mediante un volcado completo. En consecuencia, tanto no curso académico ao que fai referencia este informe como no anterior xa hai egresados. Con todo, algúns dos indicadores globais da evolución da titulación non son aínda medibles (é o caso das taxas de graduación, eficiencia e abandono) e outros poderían ser pouco fiables (é o caso das taxas globais de rendemento e éxito). Habera que esperar polo menos dous cursos para ter referencias de estudantes cuxa formación proceda completamente do grao, e como mínimo deberá completarse o curso académico 2011/2012 para extraer as primeiras estimacións da taxa de eficiencia.

Na MVT, menciónanse os indicadores de eficiencia, graduación e éxito como referencia de medida de calidade. Aínda que non se fai mención explícita das taxas de éxito e rendemento, estes indicadores poden dar unha estimación da marcha da titulación dentro dunha análise da evolución desde a anterior titulación de Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas ata os resultados propios do Grao en Enxeñaría Informática no curso 2010/2011. Os resultados pódense considerar dentro do esperado aínda que o indicador de rendemento global resulta inicialmente enganoso pois reflicte o carácter transitorio dos cursos superiores (sobre todo o cuarto curso). Non así os resultados concretos do primeiro curso (xa en situación estable) que amosan unha taxa lixeiramente superior no curso 2010/2011 respecto ao curso anterior. Por outra banda, a taxa de éxito é moi superior á de rendemento. É previsible que unha nova normativa que regule a cualificación de "non presentado" leve á converxencia de ámbolos dous indicadores. (para máis detalle ver MAT 2010/2011, sección 3.1)

Por outra banda, as valoracións dos estudantes no curso 2010/2011 a través das enquisas amosan uns resultados por enriba da media da USC. Aínda que pódese tratar dunha comparativa pouco transcendente ao confeccionarse con titulacións moi dispares. Sen embargo, esta melloría nas enquisas é evidente na comparativa cos resultados do grao no curso anterior. Dentro dos diferentes aspectos de avaliación, consideramos de especial interese a estimación da carga de traballo. Co obxectivo de ter resultados máis concretos, levouse a cabo un estudio estatístico interno. A raíz do devandito estudio, detectáronse cargas de traballo moi por enriba do esperado nun número reducido de materias. Xa se informou aos coordinadores das materias correspondentes co obxectivo de detectar as causas destas desviacións. Neste punto, cabería destacar a efectividade desta actuación pois permitiu detectar e corrixir as causas do exceso de carga de traballo en materias no curso 2009/2010. (ver MAT 2010/11, sección 3.2).

#### BOAS PRÁCTICAS:

- Elaboración da memoria anual do título (MAT) que analiza con información complementaria os resultados académicos e o perfil do alumnado da titulación. Dispoñible en [www.usc.es/etse/calidade](http://www.usc.es/etse/calidade) e en [www.usc.es/etse/greg](http://www.usc.es/etse/greg), apartado Calidade
- Reunións por titulación e por curso para a mellora da docencia (mellora rendemento).
- Realización dunha enquisa que se pasa periodicamente aos estudantes para medir se a carga de traballo é axeitada ao previsto para cada materia.

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE							
<p>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</p>							
<p align="center"><b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b></p>							
Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	<b>B</b>	Insuficiente	<b>C</b>	Ausencia de evidencias documentais	<b>D</b>
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>O sistema de garantía de calidade aplicable a titulación de Grao en Enxeñaría Informática, seguirá as liñas xerais marcadas polo sistema de garantía interna de calidade (SGIC) da USC, do que e responsable a vicerreitoría de calidade: <a href="http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade/">http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade/</a></p> <p>Por outra parte a ETSE dispón dun Sistema de Garantía Interna de Calidade, encargado de facer o seguimento, no que participa o equipo de Dirección do centro, a comisión de calidade do centro e o responsable de calidade do centro así como o coordinador da titulación: <a href="http://www.usc.es/etse/calidade">http://www.usc.es/etse/calidade</a></p> <p>No momento de verificarse o título de Grado en Enxeñaría Informática, o SGIC da ETSE non estaba aprobado, polo que compre actualizar a súa referencia na MVT.</p>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Existencia dunha Comisión de Calidade da ETSE que analiza os resultados acadados e planifica os novos obxectivos/metos que se deben lograr: <a href="http://www.usc.es/etse/calidade">http://www.usc.es/etse/calidade</a></li> <li>Elaborouse un plan de seguridade que se pon en marcha durante o curso actual: <a href="http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10590/10606">http://www.usc.es/etse/gl/category/3/10590/10606</a></li> <li>O Centro está acreditado polo programa FIDES AUDIT de Calidade <a href="http://www.usc.es/etse/sgic">http://www.usc.es/etse/sgic</a></li> </ul>							
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Acreditación do título pola British Computer Society ou pola organización homóloga europea EQANIE</li> </ul>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN							
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
<p>O título empezou a impartirse no curso académico 2009-10. A implantación se fixo mediante un volcado completo, impartíndose os 4 cursos dende o primeiro ano. Na MVT se indica o proceso de adaptación, que sufriu varias modificacións leves, sempre favorecendo o máximo posible o paso dos estudantes da Enxeñaría Técnica ao Grao. No apartado 10.2 da memoria do título verificado por Aneca se sinala o procedemento de adaptación que se seguirá para aqueles estudantes procedentes de Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas (3 anos), que deban realizar o seu paso a nova titulación de Grao.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
Modificación da táboa de adaptacións mediante distintas resolucións reitorais para non prexudicar o proceso de adaptación. Posibilidade de validación parcial de materias.							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			



**4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.**

<b>INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN</b>	
<b>Recomendacións establecidas no informe final</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>
Non hai	

<b>INFORMES DE SEGUIMENTO (indicar o ano)</b>	
<b>Recomendacións establecidas no informe de seguimento</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>
Este é o primeiro informe de seguimento	